


ENTRAMBAS AGUAS

A REVISTA DEL NAVIA-EO

Número 18 • Inverno 2003 • 1,5 €



**OS ÚLTIMOS ASTURCOÍIS DEL
OCCIDENTE**

**PRIMEIROS PASOS DA FALA
NA ENSEÑANZA SECUNDARIA**

**A TRAVESÍA DA COSTA
NAVIEGA**

GALANO, MÚSICO





A villa de Navia

Edita
Academia de la Llingua Asturiana
Secretaría Lingüística del Navia-Eo

Colaboran
Jorge Bermúdez Gutiérrez
Aurelio Esteban Hernández
Iván José Álvarez Rivera
Lourdes Bedia López
Rafael Cascudo Noceda
Jacinto Díaz López
Félix Martín Martínez
José Manuel Martínez Castro
Manuel García-Galano
Alberto Álvarez Peña
Everardo Fernández González
Rafael López Cancio

Correo y colaboración
Academia de la Llingua Asturiana
Apartao Correos-574
33080-UVIÉU
Tlfo.: 98 521 1837
Fax: 98 522 6816
alla@asturnet.es

Diseño
Entrambasauguas & Astur Paredes

Impreme
Gráfinsa • Uviéu
Tlfo.: 985 271 598

Depósito Legal
AS-2103/96

I.S.S.N.
1137-165 X

ENTRAMBAS AUGUAS nun se fai responsable das
opinións expresadas polos seus colaboradores

- 3 Os últimos asturcoís del Occidente.
JORGE BERMÚDEZ GUTIÉRREZ, AURELIO ESTEBAN
HERNÁNDEZ & IVÁN JOSÉ ÁLVAREZ RIVERA
- 6 Os primeiros pasos da fala na Educación
Secundaria.
LOURDES BEDIA LÓPEZ
- 9 A travesía "Costa Naviega" (Barayu-Veiga-Navia).
RAFAEL CASCUDO NOCEDA
- 13 El viño, os peleyos y as bruxas.
JACINTO DÍAZ LÓPEZ
- 14 Manolo Galano, músico.
FÉLIX MARTÍN MARTÍNEZ
- 16 El muñeco de neve.
JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ CASTRO
- 17 Cincuenta anos del Instituto de Tapia.
MANUEL GARCÍA-GALANO
- 18 El llargato arnal.
ALBERTO ÁLVAREZ PEÑA
- 20 A Fonte das Augas de San Xuyán (A Roda)
EVERARDO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
- 21 AXENDA
- 24 EL ARCO DA VEYA
- 26 EL HOUCHA

Quérome suscribir por 10 números. El importe da suscripción, 15 € (máis gastos d'envío), heilo a pagar contra reembolso del primeiro número que me manden.

Nome _____

Apellidos _____

Dirección _____

Código Postal _____ Lugar _____

Teléfono _____ Fecha _____
firma

ENTRAMBAS AUGUAS

Pódese mercar en **Navia** (La Villa, Franlu, Arco Iris, Quiosco Los Jardinillos, Quiosco del Muelle), **Xarrio** (Quiosco Hospital), **A Caridá** (Llibreiría Alfonso, Papelería Ana), **Tapia** (Llibreiría Manuel López, Llibreiría Arte, Tutti Frutti, A Casía), **As Figueiras** (Tandy), **Castropol** (Ardura, Tandy Beatriz), **A Veiga** (Casa Pérez, Llibreiría San Pedro), **Taramundi** (Casa Vicente), **Bual** (Llibreiría Pablo), **Grandas** (Estanco Elena Cancio), **Samartín d'Ozcos** (A Marquesita) y nas principais llibreirías d'**Uviéu**, **Xixón**, **Avilés**, **Mieres** y **Llangréu**.

Os últimos asturcoís del Occidente



Burras na Serra de Penouta (Bual)

↓ Jorge Bermúdez Gutierrez, Aurelio Esteban Hernández & Iván José Álvarez Rivera

A recuperación dos asturcoís nos últimos anos basada nos exemplares qu'einda se conservaban nel Puertu Sueve, fexo popularizar entre a xente úa imaxe d'estos burros mui característica: a d'un animal mouro dafeito. Isto igual nos quitou de pararnos a pensar qu'os burros qu'andaban ceibes nas nosas serras, os máis d'ellos de manta castaña, tamén eran parte d'esa raza autóctona d'Asturias. Os autores d'este artículo, integrantes del Asociación de Criadores de Asturcones de Capa Castaña "García Dory" fainnos un repaso del estao da cuestión y avísannos del peligro de desaparición dos últimos exemplares d'asturcón que quedan nas terras del occidente.

En 1902, núa feria de gao na Veiga, poñían un premio de 25 pesetas al miyor exemplar «de la raza caballar del país». Nel ano 1913, na nombrada feria de Silvayá, en Lantoiira, tamén se premiaba al miyor «ejemplar caballar, raza del país, de más de siete cuartas de alzada y de dos a cinco años» y dábase un premio, máis pequeno, a os exemplares «de 5 a 6'5 cuartas». Nun fai falta darye muitas voltas pra supoñer qué tipo de burros eran esos «del país».

Alló pol ano 1895 Pascual Pastor y López, na súa obra *Apuntes de la fauna asturiana*, fexo a primeira descripción zootécnica del «caballo de raza asturiana» y definíalo como de manta castaña. Anos despóis,

Arturo Álvarez, inspector municipal veterinario del conceyo de Tinéu, fai outra descripción zootécnica unde describe tanto os caracteres morfolóxicos del que chama «caballo asturiano variedad sierra de Tineo», como el medio unde vivía. Este veterinario, nos concursos de gao feitos en Tinéu nos anos corenta del siglo pasao, metéu úa sección específica pra estos burros autóctonos.

Carlos Pérez, veterinario militar d'empezos del siglo XX y bon conocedor del caballo asturiano del occidente y del asturcón del Sueve —Socio d'honra del ACPRA (Asociación de Criadores de Ponis de Raza Asturcona)—, tamén describiu al noso burro occidental cuase igual que lo fixera Arturo Álvarez.

As descripciós morfolóxicas xenerales vein a ser

MIDIDAS ZOOMÉTRICAS

Alzada as aguyas	1,30 cm
Alzada al serrón	1,21 cm
Alzada al pico dos cadriles	1,28 cm
Llargura escapulo-inguinal	1,18 cm
Altura del peto	0,63 cm
Anchura del peto	0,44 cm
Llargura dos cadriles	0,48 cm
Anchura dos cadriles	0,45 cm
Perímetro torácico	1,63 cm
Perímetro da rodiya	0,25 cm
Perímetro da canella	0,17 cm
Perímetro del nouguello	0,25 cm
Llargura da cabeza	0,55 cm
Anchura da cabeza	0,23 cm


máis ou menos d'este xeito: Son animais de proporcións harmónicas, de carácter nobre, sobrio y coraxego, de parecencia ben guapa, oyuada expresiva, cabeza terciadía pero ben feita, perfil frontonasal un pouco sub-cóncavo con testa ancha y cara un pouco curta. Oreyas de tamaño tercio ben postas y ben dirixidas. Ojos bullicegos en órbitas circulares, ben relacionaos cua testa y defendidos por párpagos de movementos rápidos, ventás da nariz grandes y elásticas. Focico ben feito con beizos de peleyo dalgao mui sensible y defendido con un bigote mui mesto condo el alimentación é con toxos. Pescozo piramidal y ben asentao na cabeza y nel corpo, crina moura y muita melena. Aguyas ben conformadas. Serrón recto con espiazo musculado y amplio sobre cinco vértebras lumbares. Cadriles anchos y del xeito d'un pupitre, rabo mui gadeyudo y enxertao núa posición baxa. Costellar de muita capacidade, barriga de volume aparente, espalda d'amplitú y dirección normal. Estremidades ben articuladas, musculadas y d'aplo-mos correctos, con espolóis, cascos pequenos ben feitos y consistentes, machos de forma oval que, anque pequenos, vense ben nas maos. Nos pés nun ten ou tenlos mui pouco abultaos. Peleyo de gordura terciada cuberto de muito pelo que s'embastece nel inverno. A manta da mayor parte é castaña, anque hai dalgús exemplares mouros y dalgús estrellaos, presentando dalgús raya por todo el espiazo, ou cruzada en dalgús, y de carpos y tarsos pr'abaxo un pouco escura.

Cavidad craneal un pouquín abovedada. Índiz de Nehring 230-235.

El análisis da descripción zootécnica fai que lo comparemos col estándar racial qu'hoi temos pral asturcón del Puertu Sueve. Se a esto ye xuntamos os datos históricos y científicos que ratifican a existencia de mantas castañas nel Sueve y temos en conta el tipo de serra qu'é, ademáis del tipo d'alimentación que brinda al gao, ta bon de chegar á conclusión de qu'as dúas poboacións equinas autóctonas tein a mesma orixe celta y namáis a intervención humana y as diferencias del medio unde viven son as causantes da diversidade xenética que tein.

Hasta finales del siglo XX nos burros autóctonos asturianos podíamos ver, dentro da manta castaña, muitas tonalidades, dende el castaño al castaño escuro, tan escuro como el mouro. Namáis dende entoncias se fai en parte da poboación —a del Puertu Sueve, con 30 animais nos anos oitenta del siglo XX— úa escoyeta hacía mantas mouros. Entrementes, nel outra parte da poboación —a del centro-occidente— nun se fexo escoyeta ningúna hacía úa manta ou el outra, y por eso einda hoi presentan tanta variedade de tonalidades.

Despóis da Guerra Civil prantáronse de pinos grandes extensións de montes comunales nas serras da Bovia, San Isidro, Penouta, Carondio, El Palo, etc., sitios unde —igual que nas serras dos conceyos vecíos de Tinéu y Valdés— hasta entoncias pastaban ceibes máis d'un millar d'eguas. Tamén desa aumentou a entrada de razas forasteiras pensadas prá carne. Con todos estos factores taba malo de qu'a raza se pudiera manter. Sicasí, enguano einda sobreviven animais con úas características morfolóxicas que coinciden cuas que describieron os investigadores que mencionamos antias. Nel sou día informouse da existencia d'esa poboación centro-occidental al aso-



Este exemplar tan guapo que se mercóu en Santa Colomba (Allande) ta criándose agora en Oulir (Valdés)



Burras na Serra del Palo, delantre de Montefurto (Allande)

ciación que xestiona el libro xenealóxico da raza dos asturcoís y esta negóuse á súa inclusión sin dar ningúa xustificación. supoñemos que por un criterio arbitrario. Informóuse da situación á Conseyeiría de Medio Rural y Pesca, anque esta nun fexo máis que delegar nel ACPRA. Nesta situación levamos us dez anos y mentres tanto a poboación vai menguando cada vez máis porque nun ten ningúa protección.

A situación é crítica porque os animais tán estragayaos por todas as serras del centro-occidente asturiano. Úa parte d'estos exemplares tán nun peligro real porque son veyos y tán máis bus d'atacar polos llobos y pola falta de comida nel inverno. Outro problema amecido a todo esto é a muita edá dos amos que, al retirarse, venden animales pral mercao da carne y pral mercao portugués. Nos últimos anos saliron pra Portugal centos d'asturcoís castaños. É úa ironía qu'en Portugal tamén haxa úa raza autóctona d'orixe celta, el garrano, que namáis admite mantas castañas: col patrimonio xenético que femos de menos en Asturias tán axudando a recuperar úa raza del país vecín. Xa qu'el asturcón del Suevo y el garrano portugués tein a mesma orixe celta, ta bon de deducir qu'el asturcón de manta moura y el asturcón de manta castaña tán ben emparentaos: tanto que son a mesma raza.

Enguano pódese dicir qu'a poboación d'asturcoís del occidente é d'us 100 a 150 exemplares, con abonda presencia de machos y femas. Pra garantir

a supervivencia d'esta poboación de burros autóctonos é urxente el reconocimiento oficial da Conseyeiría de Medio Rural y Pesca, fai falta fer un censo dafeito de todos os exemplares que sobreviven nas serras del centro-occidente y é necesario potenciar dende as institucións el funcionamento del asociación de criadores qu'agora hai y que trabaya precisamente pra mirar de que nun desaparezan estós equinos autóctonos.

Pra rematar estas notas temos qu'apuntar un dato d'hai pouco que dá esperanzas: el 17 d'outubre de 2002, el Pleno da Xunta Xeneral del Principao aprobaba úa resolución sobre a recuperación del «caballo autóctono» de manta castaña unde se pidía al Consejo de Gobierno qu'aclarara d'úa vez por todas a entidá d'estos exemplares por medio d'informes científicos y, se as conclusións son positivas, plantiara el sou reconocimiento oficial y a necesaria figura de protección. Pr'acabar, pidiase tamén que s'amañara un plan de choque pra salvar primeiro a poboación qu'hai y despóis recuperalla. 

BIBLIOGRAFÍA:

- ÁLVAREZ SEVILLA, A., (2001): *Les races autóctones del Principáu d'Asturies*. Fundación Belenos, Uviéu.
- ÁLVAREZ SEVILLA, A. & ÁLVAREZ LLANA, X. (1987): *El poni asturcón*, Uviéu.
- GARCÍA DORY, M. A. (1980): *Asturcón. Caballo de los Astures*, Caxa d'Aforros d'Asturias, Uviéu.

Os PRIMEIROS PASOS da FALA na Educación Secundaria



↓ Lourdes Bedia López

Condo alló nel curso 1990/91 el gallego-asturiano entróu en Primaria como asignatura optativa na escola de Navia, xa houbera antias úa experiencia piloto nel Instituto de Tapia que duróu namáis hasta ese ano. Nel curso 2001/02 volvéu outra vez a fala á enseñanza secundaria y volvéu precisamente a Tapia. Lourdes Bedia, que foi a profesora encargada, cúntanos a experiencia d'úas clases que, pra este ano, tán cuntando cua compañía das que se tán dando nos institutos da Veiga, Bual y Navia.

Al empezo del curso pasao os alumnos que foron matricularse al I.E.S. "Marqués de Casariego" de Tapia atopáronse cua sorpresa de que tían úa nova asignatura optativa que podían escoyer se yes apetecía. Esta asignatura era Gallego-Asturiano, nome que nun principio puido confundillos porque se trata d'úa denominación abondo académica. El feito de qu'el nome é confuso, especialmente pra os nenos que nun deran esta asignatura en Primaria y que nun taban avezaos a lo llargo del curso. Os nenos a os que nun yes daba clase da fala preguntábanme qué era eso de "gallego-asturiano" y nun tían claro nin sequera qué era lo qu'e-

llos falaban. A percepción que tían era que nun era asturiano y que tampouco era gallego porque nun era lo mesmo qu'escuitaban na tele gallega: ¿qué era entós?

Tamén yes chocaba muito qu'houbese profesora de Gallego-Asturiano y qu'además ésta fora nova. Anque muitos d'ellos usan a fala pra comunicarse entre ellos, nun la usan nel tarrén estrictamente académico. Tein interiorizada a idea de qu'a *fala* é úa llingua menor que nun vale pra usarse en determinados contextos. É por eso que nun podían entender qu'houbese profesores especializaos na materia y que se dedicasen a impartilla.

Pouco a pouco todos os alumnos foron avezándose á presenza da fala nel Instituto porque ésta tuvo

presente nos diferentes actos que s'organizaron nel curso, como por exemplo el *Día del Libro* ou a *Semana das Lletras Gallego-Asturianas*. A través d'esto intentamos achegar a fala a todo el alumnado independentemente de qu'este dera Gallego-Asturiano ou non.

El Día del Libro taba dedicao al dieiro y dende todas as áreas plantiouse dalgúa esposición ou xogo relacionao cos cuartos. Ésta foi a primeira vez que todos os alumnos tiveron a oportunidade d'entrar en contacto con úa actividá deseñada en gallego-asturiano, actividá que foi mui ben acoyida porque se trataba d'emparexar refráis ou ditos que tían que ver cos cuartos nel mínimo tempo posible.

Pouco despós d'esta primeira intrusión da fala nel ambiente académico organizamos a Semana das Lletras Gallego-Asturianas. Esta vez a fala nun era úa simple participante senón a protagonista. Fixéronse toda úa restra d'actividades nun intento de qu'os nenos pudesen pasallo ben al tempo qu'aprendían a ver con outros oídos a súa fala. As actividades propostas iban dende xogos tradicionais como os zancos, a patefa ou as chapas hasta conferencias sobre mitoloxía ou actuacións de grupos de gaitas formaos por alumnos del instituto. Tamén houbo sito prá lliteratura, dalgo qu'è especialmente importante pra qu'os nenos se dían conta de qu'a fala nun é sólo úa llingua falada senón que tamén pode usarse noutros medios diferentes al oral. Isto resultou ser úa novedá pra ellos porque a mayoría nun tían idea de qu'había xente qu'escribía poesía, teatro ou narrativa contemporánea na fala. Dentro d'este apartao de lliteratura houbo úa esposición de todo el material escrito na

fala col que cunta el instituto, un recital de poesía dao polos alumnos de gallego-asturiano, un taller de lliteratura que contou cua presenza de M^a José Fraga, úa muito húa escritora da zona, y un espacio dedicao a os contos tradicionais. Este descubrimento da dimensión lliteraria da fala axudou a os alumnos a percibilla non sólo como eso que falan os sous bolos senón como úa llingua equiparable al castellano ou calquer outra llingua moderna.

Outro aspecto positivo qu'atopamos na organización d'esta semana foi que nos deu a oportunidade de salir nos medios de comunicación y asina trespasar os muros del centro educativo y chegar ás casas, casas unde s'usa a fala de seguido pero que nun s'entende como dalgo serio ou como úa llingua con úa entidade propia. Neste sentido conseguimos que muita xente que pensa qu'a fala é un castellano mal uso se pare a pensar un pouco y chegue a conclusión de qu'igual ta equivocado porque personas con un prestixio na comunidade como pode ser el director del Instituto salen na televisión local espresándose en gallego-asturiano, y ¿cómo vai salir el director na tele falando un mal castellano?

Personalmente, eu penso qu'a presenza da fala nos centros educativos é fundamental y mui positiva. Nun podemos esquecer qu'ún dos labores máis importantes da escola é axudar a os adolescentes a formar a súa identidade y qu'esta identidade ten que ser positiva y coherente cua realidade que los arrodiá. É aquí precisamente unde a enseñanza del gallego-asturiano é primordial pero non sólo nel aspecto d'enseñar a fala —pos os máis d'ellos xa la dominan porque tán usándola de seguido— senón tamén nel



Lo que tamos conseguindo con todo esto é crear úa ponte entre a xente moza d'boi en día y a fala y a cultura dos sous antepasados

sentido de dignificar a llingua pra qu'ellos entendan qu' é tan válida como el castellano y qu' en ningún momento tein que ter vergonza d'usalla. É dalgo totalmente natural y a manifestación fundamental y pedra angular de toda a nosa cultura y por tanto tein qu' entender que nel momento que tán renunciando a ella tán empobrecendo tanto el sou legao cultural como el das xeneracións futuras. El llabor del profesor é tresmitiryes a idea de qu' usar a súa fala é lo que yes dá a identidade, úa identidade propia y característica. Tein qu' aprender a apreciar el valor y importancia d'usar todas esas palabras y espresións sólo usadas por nosoutros qu' en muitas ocasións fain muito máis fácil definir certas ideas y sentimentos. Del mesmo xeito, tein que ver na fala úa ferramenta que yes permite nomar con precisión todo aquilo que los rodía y que non necesariamente tein que ser cousas características ou únicas na zona. Tein qu' aprender a usar todos os procesos de derivación cos que conta a fala pra crear ou adaptar as palabras que necesiten del mesmo xeito qu' usan os del castellano condo yes apetece fer sou dalgún dos muitos anglicismos que tamos recibindo. Con esto nun quero dicir que teñan que renunciar al castellano, xa qu' a presenza d'esa llingua nel sou entorno é inevitable dao el sou peso cultural.

Lo que tamos conseguindo con todo esto é crear úa ponte entre a xente moza d'hoi en día, ado-

lescentes del siglo XXI, y a llingua y cultura dos sous bolos ou antepasados, permitíndoyes asina remontar as súas raíces. É importante correxir a actitude de toda esa xeneración de padres qu'inda a pesar de ser falantes, por circunstancias políticas y culturales, pensaron qu' era necesario desterrar a fala —úa llingua sin ningún prestixio naquel momento— col fin de dar máis oportunidades a os sous fijos.

Eu penso que pouco a pouco tamos conseguindo volver a fala al sito que merece. Hoi en día nun é difícil atopar nenos pequenos qu' usan el gallego-asturiano como primeira llingua precisamente porque sous padres, padres na maioría dos casos bilingües, decidíronlo asina. Ésta é a actitude que convén pra qu' a nosa fala seña capaz de levantar cabeza y tirar pr'alante. El llabor de toda a xente que tamos d'ún ou d'outro xeito implicaos nesta lluita ta empezando a dar os sous frutos. Cada vez hai máis nenos y nenas que deciden apuntarse a Gallego-Asturiano tanto en Primaria como en Secundaria porque pensan que tan importante é estudar a súa llingua como cualquier outra asignatura. Como remate, convén nun esquecer que neste curso qu' empezou dobróuse el número de nenos matriculaos en Gallego-Asturiano nel I.E.S. Marqués de Casariego al tempo que s'empezou a dar noutros institutos da zona como A Veiga, Bual y Navia. 



Úa clase de Gallego-Asturiano nel I.E.S. "Marqués de Casariego" de Tapia

A travesía "COSTA NAVIEGA"

(Barayu-Veiga-Navia)



↓ Rafael Cascudo Noceda

El empezo d'esta travesía tan guapa —y tan bárbaramente organizada y marcada pol Grupo de Montaña Peña Furada de Navia— queda cerca del km 515,5 da carretera N-634, xusto nel cruce coa carretera comarcal NV-2. Coyendo por esta comarcal y a us 400 metros, atópase á dereta el prao dende el que se fai a saída.


Búscase un camín que sale pola dereta del prao y que vai en dirección SE. Al pouco, el camín vira hacia el N. buscando el fondal por unde vai El Ríu Barayu. Tamos mui cerca del Vau, un caseirío da parroquia de Villapedre que s'asenta na veira del Ríu Barayu, a us 70 metros d'altitú y a 10,5 km de Navia, capital del conceyo.

El camín ten el piso d'herba y vai baxando por entre un pinal, al son del vale que pola dereta vai amañando el río que fai de límite natural entre os conceyos de Navia y Valdés. En conto vamos entrando nel pinal aparecen tamén algús castañeiros y polas veiras del camín hai muitas folgueiras y toxos. Femos úa volta fonda y volvemos ir al par del río. Nel fondo del prao hai árboles frutales y tamén se ven carbayos, castañeiros y pinos. Xunto al río hai árboles de ribeira, sobre todo umeiros y salgueiros. Pouco a pouco el sendeiro estreto y encaxao entre el noiro da terra y as paredes de pedra achégase hacia el río,

que lo seguimos levando sempre á nosa dereta. Por este treito síntese y vese el augua del Barayu que baxa camín del mar. El carreiro métese nel que foi el antiguo calce del río y avanza fendo voltas por zonas avesías unde rezuma a humedanza. El río acompaña-nos guiándonos hacia a súa desembocadura y en dalgús tramos solo un tombín de terra nos separa d'él. El camín retórcese fendo voltas y métese pol medio da maleza qu'amaña arcos por enriba. Ensiguida abocamos noutro camín que baxa hasta a praya de Barayu, pero nosoutros imos coyer noutra dirección y subindo un pouco.

En Barayu houbo hai lamar de tempo úa malatería da qu'inda quedan restos y el imaxe de San Lázaro consérvase nel ilesia de Vigo. Según algús investigadores, a primeira noticia d'esta malatería é de 1274. Levan el nome de San Lázaro un prao y úa fonte cerca del sito qu'ocupóu.

Da praya de Barayu diz el refrán de por aquí: «*Cuando ruxe la mar de Mougúñas, busca lleña pa quinze días, y si ruxe la de Barayu, xunce los bueis y ponlos al carru*». Barayu ten cerca d'un km y coye, ademáis da mestura entre el arena branca y moura, un estuario y úas xungueiras. Todo elo constituye un ecosistema de gran importancia prá fauna y a flora da zona. Nun hai que perder el ilusión de ver algúa lóntriga, un nío de gaviotas ou de curros reales, todos



elos vecíos y residentes, entre outros animais, das xunqueiras y dos recantos del río y da praya.

Al pouco, y dende el alto das arribadas mestas de praos, volvemos avistar a boca del río. Podemos contemplar a guapura del Barayu dende el alto da súa veira esquerda y nel mesmo camín atoparemos talañas ben curiosas pra poder ver ún dos recantos máis guapos d'Asturias. Pral lao de Navia temos La Punta'l Cuornu, que tamén dá nome á campá que ten al pé.

Deixamos as vistas de Barayu y pañamos por úa pista ancha qu'en subida coye dirección SO, hasta chegar a us praos unde volve cambiar pañando dirección N. Temos qu'andar un pedazo buscando un pinalín y despós pola arribada esquerda de Barayu, camín del cabo. Pinalíos y un mar de folgueiras destacan entre el verdegar dos praos de sega. Desde tamos na punta, pañamos dirección O, por un camín que busca Villapedre, pero ensiguida deixamos esa dirección y coyemos pola dereita, por outro que vai arrimadín á costa y pegao ás arribadas, subindo y baxando tombos qu'esconden pequenísimos vales tayaos por regueiríos que desembocan nel mar amañando ribeiras minúsculas y ben guapias. Dende ún d'esos tombos verdes vemos as casas de Veiga. Á dereta, La Patarroxa y as islas de La Romanela, y á nosa esquerda, un peteiro de casas. É el lugar de Vigo, xa da parroquia de Santa M^a de Veiga. Ta a úa altitú de 52 metros y dista 8 km de Navia. Hai aquí un castro catalogao por José Manuel González y consérvase úa capiya dedicada á Nosa Sra. de La Barca unde se guarda el imaxe de San Lázaro que procede da malatería de Barayu.

Cruzamos un regueiro que baxa de Vigo desembocando nel mar en Asteiru, xogal pequeno y precioso. Por un caminín achegao al mar y borrachos

de vistas incomparables achegámonos hasta El Castillu, fortaleza defensiva medieval. Lougo chegamos a Veiga y, pasadas as primeiras casas, baxamos hasta El Baluarte, enclave defensivo erixido por Pedro Niebla en 1586 por orde del alférez Alonso Caxero pra defender a costa dos ataques de Drake y outros piratas ingleses. Nel primeiro tercio del siglo XX inda podían verse varias das súas almenas. Y nese punto estratéxico —siguindo os estudos feitos pola Asociación "Amigos de la Historia"— os vecíos de Veiga, puxeron un monolito en homenaxe a os sous antepasados.

Chegamos despós al muelle y visitamos con acougo úa vila fermosa y mui cuidada. A población da vila naviega de Veiga dedícase á pesca y á industria trasformadora, al comercio y tamén á ganadeiría. A flota pesqueira conta con un porto novo y traidor que ye supuxo nun hai muito a cuase desaparición de todos os sous barcos, nun día de vaga de mar que s'ha recordar muitísimo tempo como algo triste y lamentable. As súas casas esténdese sobre úa suave ondulación qu'acaba d'un xeito brusco nel mar, compondo un poblamento de gran guapura. A parte veyá, con caleyoís estreitos y empedraos, con sopor-tales, casas blasonadas y capiyas, mestúrase coa parte moderna na que predominan calles anchas, parques, xardíos, locales comerciales y magníficos edificios. De Veiga foron Álvaro de Navia Osorio, Marqués de Santa Cruz y Vizconde de Puerto, nacido en 1684, héroe d'Orán y autor d'úas *Reflexiones Militares*, y Juan Pérez Villamil, nacido en 1754, ministro de Fernando VII, director da Real Academia da Hestoria y redactor da famosa Proclama de Móstoles. El ilesia parroquial é del s. XVIII y ta baxo a advocación de Santa Marina. Nela tuvo enterrao Xovellanos despós da súa morte na vila nel ano 1811



RAFAEL CASQUERO

Vista da praya de Barayú (Valdés-Navia)

hasta el sou traslao hasta Xixón. Causa admiración pola elegancia da súa arquitectura y pola calidá das súas tallas y retablos. Un busto en bronce de Xovellanos preside El Campu la Telaya, xunto á capiya da Virxe.

Deixamos Veiga y buscamos el camín hacia Soirana, pero antias de chegar ás primeiras casas, viramos hacia a costa chegando a La Lloureira, antiga canteira de louxa que funcionou hasta mediados del siglo pasao. Debaxo hai úa ribeira pequenía col sou xogal, como non, de louxa. A partir d'aquí pañamos por carreiros que bordían a costa de Soirana y, arrodada de mar, imos ver La Isla, pedrón con campo nel pico al que se pode pasar en vazamar. Ensiguida atopamos un pinal, qu'el que se ve entre Soirana y Frexulfe. Dende el alto d'algún dos tombos empezamos a ver El Cabo de San Agustín y Ortigueira, lo que quer dicir que se divisa a entrada da bocana da Ría de Navia, pero inda nos han faltar muitos kilómetros pra chegar hasta a súa praya. Desde entramos nel pinal el carreiro ha ir entre pinos y folgueiras, levando pola dereta el mar y as arribadas, hasta chegar a outra valía tayada por un regueiro. Chegamos hasta úa carretera asfaltada que baxa hacia el mar; andámosla un treito y despós metémonos nun camín á esquerda que se mete nel pinal y entra nun prao costedo dende el que se pode ver a praya de Frexulfe. Temos que pañar camín del Río Frexulfe y del valín que vai de sur a norte buscando el mar.

Úa ponte de cemento pásanos a un camín que vai al son del río y da súa desembocadura. El río, igual

qu'el lugarín del mesmo nome, pertenece á parroquia navega de San Salvador de Piñeira. Frexulfe ten as casas estragayadas y ta a us 70 metros d'altura, a 4,5 km da capital. A praya tenla a medio kilómetro.

Siguimos pola veira esquerda del río Frexulfe, al pé das auguas paradas y mestas de verdín —caseíros das ovas, cuyarías y ras— dos brazos del río. Acaba tapándose del noso camín polas xungueiras y árboles y ha ir con muita présa a darye toda a súa augua al mar, despós de recoyer un pouco antias a que levaba El Río Villauril. Un ocalital pecha pol sur a praya aberta de Frexulfe y lougo vemos as dunas qu'esconden un longo arenal d'arena escura que s'estende dende a zona unde desemboca el río, á dereta y al este, hasta el cabo que lo zarra pol oeste. Cos sous 750 metros, é úa das prayas máis guapas del occidente astur. Ta catalogada como Monumento Natural pola limpeza del augua —que favorecen as correntes tan fortes y el batido que ye fain as ondas—, el arena dalgada y el campo de dunas.

Deixamos Frexulfe y pañamos en dirección oeste hasta entrar nun ocalital que bordía este treito de praya. A partir d'agora xa tamos na parroquia d'Andés. Lo primeiro ha ser úa subida por un carreiro entre calitros y por alí imos dispoñer d'un mirador natural dende el que se poden ver as dúas partes da praya de Frexulfe. Salindo del ocalital coyemos un camín que baxa hasta un prao y nel medio da baxada atopamos un carreiro á esquerda que sube hasta un pinal. El camín ta mui marcao polos de Peña Furada



Úa vista del porto de Veiga (Navia)

y cada pouco imos atopar señales, ben nel tarrén ou ben nos tocóis dos árboles, qu'han favorecer úa caminata sin pérdida.

El carreiro ha dar nun camín de monte que lo cruza y que ten as rodeiras mui marcadas. Cada pouco vemos el camín erguido y fozao polos xabariles. Pasamos un regueiro que vai dar a úa ribeiría y despós cruzamos máis praos. A ruta ha ir muito del tempo bordiando a costa, fendo voltas y revoltas, subidas y baxadas. Pouco a pouco achegámonos al cabo que zarra Frexulfe pol oeste. El Picón, lo que nos deixa divisar as preciosas vistas del outro lao. Chegamos hasta outra ribeiría, Cereizo, que foi fendo con muitísima pacencia un regueiro que verque alí mesmo a súa pouca augua al mar. Subimos hasta el alto d'un tomo y dende él vemos úa prayía d'arena branca. Fabal, zarrada al oeste pola punta del Castrillón. Hasta agora, as prayas que levamos cruzadas son prayas d'arenas mouras, pero ésta é diferente, xa que ta feita con arena rubia, clara y dourada. El augua del mar ha convidarnos al baño, ha chamarnos de mil maneras diferentes pra que baxemos y nos refresquemos coa súa humedanza y quén sabe se, como as cántigas das serenas meleiras, ha conseguir que lo fágamos. En Fabal desemboca un rego de nome grandón y barrumbeiro, El Regueirón, que baxa dende Téifaros. Namáis cruzalo entramos nun camín en subida pol medio d'un monte misto con pinos, calitros y con muitísima folgueira. El camín

qu'atravesa el monte vai pouco a pouco coyendo dirección sur y separándonos del mar hasta empezar a ver as casas d'Andés. Despós da subida entramos núa zona cha que nos leva en dirección oeste y nos arrima a un pinal y a un peteiro de casas. Tamos nel lugar de Las Cortías.

Entramos núa pista asfaltada que vai en dirección norte y s'achega ás casas. Deixamos a pista y pañamos un carreiro entre folgueiras que nos ha levar hasta el medio d'un ocalital con mui bus exemplares de calitro y despós hemos ir en baxada camín del mar. El siguiente punto de referencia vai ser Cuedo, outra ribeira unde atoparemos úa cetaria. Úa subidía hasta el alto d'úa lomba, y despós xa temos úa baxada entre praos hasta dar noutra ribeira. Hemos saltar úa parede y hemos subir pol medio d'un monte con muitos toxos que nos leva hasta un pequeno piñeiro levando sempre el mar á nosa dereta y a dirección oeste. Un pouco despós imos en chao por un treito con eiros y praos levando casas pola esquerda, pero separadas de nós. Pasamos al pé d'úa estabulación con vivenda, entramos núa zona asfaltada y cruzamos por entre as casas de La Casanova, ún dos barrios d'Andés. Deixamos Andés y metémonos por un pinal rumbo al norte y al mar, que xa levamos un bocadín sin velo nin sentilo.


Ensiguida imos avistar, outra vez, el Cabo de San Agustín d'Ortigueira y a entrada da Ría de Navia. Y levando tales vistas chegamos al pé d'úa fonte que ten a fecha del ano 1949. Ha ser un bon sito de parada pra beber y repouner el augua das nosas cantimploras. El camín sube dende a fonte hasta el alto d'un tomo dende el que se ve úa panorámica ben guapa del Cabo de San Agustín, Ortigueira, y Mougúías al oeste; tamén se ve nel fondo del arribada úa praya, a del Moro, á que se chega por úa escalera de cemento.

Un carreiro pásanos pol medio d'un toxal que cubre as arribadas colgando derriba del mar y por él acabamos nel mirador qu'hai enriba da praya del Moro. Úa pista asfaltada ha baxarnos hacia a praya de Navia, a unde chegamos ensiguida.

Navia, vila y parroquia del conceyo del mesmo nome, ta na veira dereta da ría homónima a úa altitú media d'us 15 metros sobre el nivel del mar. Temos referencia da súa esistencia aló pol siglo XIII y é nel siglo XIX, y sobre todo nel XX, conda a vila de Navia ha conseguir mayor notoriedá. Importantes obras d'infraestructura, como a ponte sobre a ría, y a implantación de grandes industrias relanzaron definitivamente a vila convertíndola nun referente del occidente d'Asturias. Entre os edificios d'interés na vila atopamos a casa dos marqueses de Santa Cruz, y a casa de Cuaña, de finales del siglo XVII, que tán xunto ás murallas medievales. El palacio Arias y el Casino d'empezos del siglo XX son outros dous esponentes de certo interés. A patrona de Navia, Nosa Sra. de la Barca, pode verse nel ilesia parroquial, d'estilo neogótico, inaugurada a finales del siglo XIX.

Y en Navia acabamos esta travesía; anduvemos camíos y carreiros de toda a costa del conceyo dende úa punta al outra.





El viño, os peleyos y as bruxas

↓ Jacinto Díaz López

A ún, que por veyo s'acorda miyor das cousas qu'ocurriron hai muito tempo que das que sucederon hai pouco, véinseye á memoria dalgúas dignas de contar, ben súa porque pasaron de moda, xa súa pra qu'a xente nova teña coñecemento d'ellas y saque dalgúa ensinanza que ye seña de proveto. Pra contar úa d'esas tantas historias de que t'acordas a miudo, nun teis máis que fer memoria tal cual sucederon y dicillas como son, quero dicir, como eran, sin que che queden nel tinteiro minucias que dan vida al relato féndolas máis verdadeiras y, pollo mesmo, fáciles de ser cridas. Teis que pensar, pr'animarte a contallas, que nun poden faltar siquera un par de curiosos ou desocupados que t'escúiten ou te llían y sintan pracer pollo que dices ou escribes. Eu vou tratar de poñer da mía parte lo que me corresponda sin faltar á verdá del caso.

É un sucedido qu'inoran, pollo menos, a xente nova, y tamén a non tan nova, pos esto xa fai muito tempo que sucedeu y nun se volverá a repetir, pos el mundo anda sempre pra delante sin parar, de lo que temos qu'alegrarnos, xa que si ye dera por deterse de sopetón, tábamos perdidos. Acabábase todo.

Al chegar aquí tou pensando que d'ese par de desocupados que dixeran, a lo peor xa nun queda máis qu'ún, porque el outro, al ver el aspecto que vai tomando el relato, desistiu de seguir aguantando el rollo y foise. El que queda parece que resiste un pouco máis y arrevínase a quedarse pra ver cómo se desenvolve el asunto, y acertou, porque neste mesmo instante deixo el rodeo y empezo col verdadeiro asunto.

Naquel tempo, el pueblo da Roda nun tía carreteras —hoi ten sete ou oito— y nun andaban por él nin autos nin camiões, como é natural; valíase ún de caballeirías y de carros del país —non de rayos— tirados por vacas ou bois. El que xa había eran tendas que tían de todo á venta, quero dicir, de muito del que se gastaba nas casas. Y vou fer mención d'úa d'esas cousas: el viño, que, anque nun se bebesa, como quen dice, d'arreo —había poucas perras—, fíase gasto d'él sin dolo en dalgúas ocasións, tales como el día da festa dos Mártires, nos días de mayegás, ou condo se mataban os cochos y pouco máis; para de contar. É verdá que dalgús fían consumo d'él

máis ou menos abundante todos os días, pro máis ben nas tabernas. Todos recordamos, quero dicir os veyos, os nombres dos verdadeiros devotos de Baco, que nun vamos mentar aquí; non por nada, sinón porque nun vén al caso.

El viño nun vía como agora en botellas, corchadas y todo, sinón que vía en peleyos de dúas ou tres arrobas. Os peleyos vían envoltos todo al redor por úa corda trenzada d'esparto que ye chamábase lea, y que valía mentes taban chíos os peleyos pra que nun cedesen y pr'agarrallos y poñellos al hombro pra llevallos d'un sito pra outro.

Y ¿cómo chegaban esos peleyos ás tendas y as tabernas da Roda? Pois veredes: en Navia había dous ou tres almacéns de viño y cereales, y ún d'ellos era el de don Emilio Díez, castellano él, y persona mui seria nel negocio. Pra servir as cámbas tía un carromato que, tirado por mulas, fía ese servicio guiado por un criado que lo conducía. Al chegar a Porcía desenganchaba as mulas y, despóis d'apareyallas, cargaba en cada úa un par de peleyos, ún de cada llado del albarda, y coa recua enreyaba por Cotarello arriba hasta chegar á Roda; descargaba a mercancía nas tendas y emprendía outra vez el viaxe hasta chegar a unde deixaba el carromato; desapareyaba y outra vez enganchaba as mulas pra seguir el viaxe camín de Tapia hasta qu'acababa a tarefa; y outra vez volvía camín de Navia.

Os peleyos, pasado un tempo, quedaban balleiros y engurriados y a lea deixaba de cumprir el primeiro cometido; pro faltaba el segundo —de muito valor según a xente d'aquel tempo—, qu'era deixar sin efecto el mal d'oyo, que, utilizado pollas bruxas d'entonces, fía tanto daño al gado: vacas y xatos da corte. El caso é que che quitaban das maos a lea pra poñer al pescozo dos animales. Y ún pensa que si as bruxas son como as d'antías tein un obstáculo menos que vencer, pois nun hai leas, porque nun hai peleyos, y el gado tará pasándolo mui mal. Claro que como todo cambiaba, tamén as bruxas d'agora —porque habellas hailas— sabe Dios as tramas qu'usarán pra trer a mal trer as probes xentes que cren nellas.

Prá nosa tranquilidá, conto máis se cultiva a xente, el número de bruxas vai a menos, y a necesidá de leas dos peleyos, tamén, porque hai que dicir que pra qu'as leas tuvesen a virtù d'espantar as bruxas tían qu'antes tar envolvendo os peleyos. 

MANOLO GALANO, músico



↓ Félix Martín Martínez

Tapiego entre tapiegos, home de costumbres metódicos y prolífico das artes, é ún dos personaxes máis queridos y admirados, non xa solo del sou conceyo de nacemento, Tapia, senón de todo el occidente asturiano que ten a mesma fala. Y nun é pra menos porque as súas colaboracións en portfolios, revistas, etc., y xa nun díganos el camín da veintena d'obras na fala de Tapia postas ben veces por toda Asturias, fixéronye acupar un sito importantísimo dentro da hestoria cultural asturiana. Pódese considerar, al noso ver, el mayor defensor da fala de Tapia. D'esta volta, así y todo, quixemos resaltar a súa faceta musical que, sin ser menos brillante qu'a púramente literaria, si é máis desconocida, sobre todo prá xente máis nova.

A vezándose a fer as reseñas biográficas dos nosos máis admirados personaxes desque desaparecen, parécenos de xusticia a publicación d'este apunte sobre a vida artística de Manolo Galano, precisamente nel miyor momento da súa vida. Nos sous paseos diarios polos alrededores da praya tapiega, y muito máis na terraza da súa casa, mesmo derriba da praya del Murallón —y sempre coincidindo por razóns familiares col calendario escolar—, achegarse a Galano resulta de lo máis gratificante.

Manuel García Sánchez, músico d'orquestra, director musical, actor, director y autor teatral na fala de Tapia, nacéu na parroquia del Monte, na Roda (Tapia) en 1922. Empezóu os estudos en decembre de 1938 da mao da pianista castropoleña María Murias, que poñía as clases na vila de Tapia. Al pouco tempo, empezóu el qu'había a ser úa xeira artística sin acougo como instrumentista de bandas y orquestas, corista, actor de teatro y, al pouco tempo, tamén como director en todos contos grupos musicales y teatrales participóu. En 1940, y con decioito anos namáis, formóu parte da Banda de



Galano, cúa Banda "La Filarmónica" de Tapia (1946)

Música de Salave. Galano empezou como instrumentista de saxo, seguindo como bombardino y convertíndose al pouco nel sou director hasta qu'acabou a agrupación en 1944. A partir d'aquí, dalgús compoñentes d'esta banda métese na Filarmónica de Tapia baxo a dirección del maestro Braulio Pereira.

Acabadas d'empezar as obras del ferrocarril Xixón-Ferrol, Manolo Galano trabayou como administrativo d'esta empresa ferroviaria de 1944 a 1948. Dende aquí, a organización sindical española, emprendedora de muitas actividades artísticas y sabendo a polivalencia de Galano, ofrecéyue un trabayo dentro da súa administración. Pra eso múdase a vivir á vila de Tapia.

En 1946 amaña a *Orquesta Allegro*, xunta outros tres mozos tapiegos, tamén da Banda Filarmónica, y con un repertorio ben novo de buggie, mambo, bolero, samba, etc., anda toda a comarca cuas súas actuacións. Al outro ano d'amañarse, el grupo ten a sorte de poder contar col material sonoro que taba supo-



Orquesta "Allegro" (1950)

ñendo úa revolución dentro da música: a chegada da microfónica, os altavoces, a amplificación, etc.

A *Orquesta Allegro*, que chegou a ser titular dos conocidos bailes que naquel entoncias se fan nel salón tapiego de La Terraza —en competencia col salón Edén, tamén de Tapia—, mantúvose en activo hasta 1955, ano en que chegaron con muito brío os ritmos melódicos novos.

Dentro da música coral, formou parte dende 1948 del Coro Parroquial de Tapia como acompañante d'harmonio, baxo a dirección d'Asún López Tobalina, un papel que desiguada asumíu el propio Galano, volvendo coyer al pouco el sou labor d'organista pra nun deixalo hasta 1999. Precisamente dentro da súa actividá como organista, acompañou al tenor Amador de Palacio en muitos actos litúrxicos por Tapia y os alrededores. Tamén, entre 1956 y 1958, dirixiu el Coro d'Educación y Descanso de Tapia y, dende 1987 veu axudando de ralo en ralo cúa Coral Polifónica da mesma localidá.

En conto al sou labor teatral, y d'un xeito mui resumido, empezou en 1940, primeiro como actor y máis despóis como director d'obras. Escribiu y publicou deciseite obras na fala de Tapia, ademáis del libro de relatos *Parzamiques*. Un d'esos relatos ganou el Premio Xeira de narracións curtias en galego-asturiano, precisamente na súa primeira edición en 1991.



BIBLIOGRAFÍA:

- GARCÍA SÁNCHEZ, M., *Parzamiques*, Tapia, 1984.
- “El teatro en Tapia”, *Portfolio de Festas del Carne* de Tapia, 1988.
- “Verardo da Roda”, *Entrambasauguas* 4, pp. 13-14.
- “Notas pral estudio das agrupacións musicales del conceyo de Tapia”, *Estudios das terras del Navia-Eo*, Academia de la Llingua Asturiana-Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Uviéu, 1998, pp. 11-17.

EL MOÑECO DE NEVE

José Manuel Martínez Castro

Hai acordanzas de vento y frío, d'un tempo axelao unde a neve cai mansoña escontra das ventás, chiscando de branco cousas tan veyas xa como as notas d'úa caixa de música qu'agora teño esquecidas. Entós a nosa casa era quente y prestosa, anque deitao nel tarrén da sala había un peleyo de lobo que miraba pra min con us oyes espantosamente despiertos. A porta aberta tría de fora el peor dos invernos posibles pra un neno einda tenro y pequeno, pero ás veces era tamén el paso por unde iscar pra os xogos da calle y aveirarse un bocadín, antías de qu'el frío apuxase pra dentro, d'aquelos oyes vivos y enfurruñaos.

Núa volta d'esas en que salín folgao pra fora atopéi un peteiro de nenos qu'algarriaban nel aira da casa. Eu nun sabía entós qu'a escola acabara y qu'el herba branquía convidaba a fer un feixe de toleirías. Corrí pol medio d'elos tropezando y erguéndome mentras puiden, que nun foi por muito tempo, y al cabo din col lombo nel herba, sirvindo de risión a os muitos nenos que por alí chegaran.

—Temos que fer un moñeco de neve igual que Xico —oquín dicir a úa nena.

Os rapacíos aturaron a aquela xeira y axina houbo úa montueira de neve y farrapos que medraba coyendo os trazos d'un home. Con un capelo veyo y un paraugas debaxo del brazo pintaba úa figura del acebro qu'adornaba el comedor. Reconocín a bufanda marela de papá al redor del sou pescozo, tapándoye un pouco a boca, y qu'algúen prantara un pimento verde como se fose a nariz. Pedrías de carbón abotuaban un abrigo branco y grande de neve y, encaxadas na cara, fían us oyes d'acebache que ye daban un visaxe de dolo, como se talmente nacera xa esmorecendo.

Tuvemos beilando al redor d'el hasta deshora y aquela mirada de dolo nun cambiaba. Nin tan sequeira condo máis aló del corpón desmedrao pero serio del moñeco vin que s'abría el corro de nenos y por riba d'elos el espantaxo largo y escuro de Cotapos, el carbueiro, qu'ouyuaba pral noso amigo señardoso rilando os dentes, como se osmara algo sou mui cerquiña, nas coradas del moñeco. Os rapacíos calaron afogaos y, anque el veyo foise de sutaque, ese día xa nun xugamos máis.

Empecéi a terye lei al moñeco condo os nenos deixaron as calles y quedamos os dous de compañeiros. Os vecíos que pasaban al pé da casa sempre tían algo

que dicir, y poñíanse con nosoutros xarolos y falangueros, como amigos de toda a vida. Todos menos Cotapos, el veyo, que nun ye daba corte como nun fora pra marmurar d'él; por eso encuruxábame detrás del moñeco condo á tardiquía el carbueiro volvía pra casa.

Antías de qu'eu adiviara que chegaría bon tempo, el meu compañeiro de xogos amalou sin remedio. El peleyo branco foi esgarnachándose y nun pasaba día sin qu'el tarrén xantara tayadas d'aquel corpo esmorecío. Xa os outros moñecos da contornada nun esistían condo el quedou cego y el capelo escarrolóuseye pral lao del paraugas. Acabábase sin melecía que lo podera sanar pero era pasmoso qu'einda nel mes d'abril tuvera hoquiando mentras a xente s'esmilagaba por nunca tal ver. Eu víalo lutar esperando qu'algúen fixera algo por el pero úa mañá asoliada nun lo atopéi nel aira. Marchárase como bólo pra un celo arredao de lúa y estrelas.

Sintín un nougo nel gorgoleiro antías de ser quen a chorar. Anduven pol herba fresca pisando cos meus pes perriquichíos as últimas gotas d'orabayada. Condo al cabo el nordés m' enxugou a caría, del meu amigo nun quedaba máis qu'úa solombra; anque había algo nel tarrén, un ferraganchito largo y axelao.

Sóupenlo entós. Era el corazón del moñeco. Coyínlo axeitín y enterréilo cuas mías manías debaxo d'un árbol qu'empezaba a verdegar, nel fondal da finca.

Eu nun sabía qu'aquello era el gancho d'úa cocía. A de Cotapos, el carbueiro. Entendo agora por qué aquel home noxoso cría tar tan cerca d'algo qu'era sou y pezquitéi tamén por qué el moñeco aguantara tanto os rayos de sol: porque el probe infeliz era lume y amaba al calor que dá a vida anque el mesmo fose un moñeco frío que nun la conocía.

Probe parceiro que quería ser inmortal. Nun sabes qu'a túa mena val namáis pra morrer un ano tres outro, inverno y primavera, morte y vida. Nun podes pretender ser máis. Teis un alma d'aceiro pero a carne túa é neve, augua, despóis nada.

Nun houbo rezos nin predicanzainas, namáis un dolo que fexo de min un neno grande, botándome fora d'úa esistencia sin estongos. Atoparía outros amigos, outros compañeiros con quen xugar. Pero a ese tempo primeiro, de nenín, el máis guardao y prestoso, a ese nun volví xamáis. Porque esa edá d'ouro quedou enterrada debaxo d'un árbol qu'empezaba a verdegar, nel fondal da finca. 

CINCUENTA años del INSTITUTO de TAPIA



↓ Manuel García-Galano

Son cincuenta os anos que leva en funcionamento el Instituto de Tapia neste último período d'actividá, qu'arrincaba precisamente el 20 d'outubre de 1952 cua denominación estonces de "Instituto Laboral" da modalidá agrícola-ganadeira. Nun fai falta dicir lo que significóu pra Tapia y os conceyos d'alredor a posta a andar d'este centro d'enseñanza pois nun había daquela ningún outro antes d'Avilés. É verdá que mentres nun se trasformóu en instituto mixto de bachillerato, que foi nel curso 1967/68, solo podían estudar nél rapacíos y non nenas, pero con todo y eso foi úa gran sorte pra estas terras xa qu'hasta estonces nomáis as familias ben acomodadas podían dar estudos a os sous fiyos

X

a el Marqués de Casariego, que na segundá mitá del siglo XIX creara este instituto atendendo ás súas espensas dende os gastos de construción del magnífico edificio hasta a financiación del centro d'enseñanza, tuvo úa visión clara de cuáles

eran as necesidades da súa vila y terras d'alredor, nas qu'a chamada segunda enseñanza nun taba á mao dos económicamente menos dotados, qu'erán os máis. Despós as cousas nun saliron como se planiaron y nel ano 1901 el "Instituto Casariego" —qu'así se chamaba el centro— tuvo que pechar as súas portas por úa disgraciada disposición del goberno da nación.

Pouco máis tarde, nel 1904, a Congregación de Padres Agustinos ocupó el edificio y abríu el "Colegio de Santa Isabel", que funcionóu has-

ta 1927, acoyendo alumnos esternos, internos y mediopensionistas, y fendo tamén muito bon labor na comarca mentres funcionóu.



Tuvo despós el edificio outros usos: seminario, hospital conda a Guerra Civil, colonia de nenos..., hasta que, por fin —non sin qu'houbese que fer antias trabayosas xestióis—, se convertía en Instituto Laboral, que pasaría lougo por transformacióis varias na súa denominación, pero que funcionaría xa sin interrupción impartindo os estudos de bachillerato dende aquel 20 d'outubre de 1952, y pra seguir.

Pensamos qu'é xusto un recordo d'esos cincuenta anos por cónto el Centro significóu y significa na vida d'esta comarca, y é el que nosoutros queremos fer, modestamente, dende as páxinas d'ENTRAMBASAGUAS, xa que, sin ningúna duda, el Instituto celebrará esta efeméride cua solemnidad que merece.



EL LLARGATO ARNAL



↓ Alberto Álvarez Peña


Trés son os llargatos grandes que podemos atopar en Asturias: Lacerta viridis, Lacerta schreiberi y Lacerta lepida. É esta última especie a que chaman “llargato arnal” ou “asnal” en dalgús conceyos del occidente asturiano y da que dicen que ten muito veneno, anque esto nun teña xeito ningún de verdá.

Muitos son os ditos como este: «Mordedura de Llagartón busca pala ya picón, que te dean la confesión» (Cuntao nel 2000 por Masimina Rubió Garrido, 89 anos, Llendepín, Cuideiru). Conozse tamén en Galicia como *largato arnal*, *llargandaix* en Cataluña y *gardatxo* nel País Vasco. Nos manuales castellanos d'herpetología chámanye llargato “ocelado” por causa das manchas azuladas que ten nos llaos. El color del corpo é verde con pintas mouras, y a barriga y el gorgoleiro son tirante a marello azulao. Chega a medir máis de 20 cm., anque tamén s'atopan en Europa exemplares de 80 cm. Come insectos de todas as razas, nías de páxaros na primavera, llargatixas, ratos y, se cuadra, crías de conexo.

Falan del llargato arnal como úa especie mui venenosa en Melide (A Coruña) y dizse qu'è mui peligroso condo ta caliente porque bota úa sustancia que

provoca un tumor na xente. El tumor del que falan é un tipo d'herpes. Según a tradición, este mal ten a forma del llargato, vai arrodando el corpo da xente y vai a peor se chega el caso de qu'a cabeza y el rabo del “llargato” que se foi amañando acaben xuntándose. Dicen entoncias qu'el llargato coye vida¹. Había dalgús conxuros pra tornar ese mal ou tamén valía escuitar sete campás diferentes tocar ou sentir rinchar a sete burros². Muias veces esa sustancia soltábala el llargato se pasaba por derriba da roupa que quedaba tendida al verde. Ese mesmo medo tíase en Miudeira (El Franco): «*Falaban muito del llargato arnal, qu'era mui grande y mui venenoso, todo azul, con úa cabezúa. Midía más de quince centímetros y é diferente del llargato normal, qu'è más corriente...*» (Cuntao por José Piedralba Pérez “Pepe del Lloirdal”, 86 anos, vecín de Miudeira, El Franco, 26-9-2000).

Igual que dos demáis llargatos dízenos qu'unde traba nun solta, pero neste caso a trabuada é venenosa. A esto xa se refería Brunetto Latini, notario y



Adulto de llargato arnal nel Valledor (Allande)

embaxador florentín del s. XIII que, nel sou *Livre du trésor*, diz: «Hai tres razas de llargatos: úa grande, outra pequena y outra que se calenta nel brao y que fai mordeduras mui dañibles na xente»¹.

En conto al resto de llargatos dizse que son amigos dos homes pero enemigos das mulleres. Son abondos os conceyos d'Asturias onde se cunta que, tando un home durmindo nun prao, ta a pique d'achegarse úa culobra pra metérselle pola boca y el llargato empeza a corrye pola barriga al paisano ou a ferye cellergas col rabo na oreya pra qu'esconsone. Tamén dizque se se ve un llargato, a os sete pasos ta a culobra. Però, el demáis, el llargato nun s'estima porque se pon nos camiños y as caleyas a escuitar el que dicen os homes pra despóis ir cuntaryo ás bruxas².

Anda detrás das mulleres sobre todo se llevan úa saya colorada ou tán col periodo. Entoncias nun tein máis afán que tirarse a ellas y mordellas entre as pernas pra nun soltar. Por eso hai que meterye el rabo dentro d'un bollo de pan caliente. El llargato cre que ten a crica agora detrás d'él y al dar a volta pra volver trabar é condó se pode quitar. Col paso del tempo este remedio cambiouse dicindo qu'hai que quemar el rabo con un chisqueiro. Pral estudioso Felipe Criado Boado³ el bollo de pan caliente é úa sublimación da crica, del órgano sexual femenino, asina que nas llendas de colobrois onde tein qu'ofrecerye un bollo de pan salido del forno y entero ta falándose simbólicamente del sacrificio d'úa virxe.

El unto de llargato era mui apreciao, igual qu'el de culobra, pral reuma. Había xente ambulante polos

mercaos que lo vendía: «A grasa de llargato untábase, dicían, pal reuma. Condo eu vin da mili vira úa muller ambulante vendendo grasa de llargato, úas bolias pequenías, marellas, d'esa grasa. Nun sei cómo había que fer con ellas, se untar ou bebellas con augua. Eu acórdome que las chupaba pra enseñar que nun tían veneno, que valía, vaya... Esa muller andaba con dous llargatóis mui grandes, azules, pousaos nel ombro.» (Cuntao por Luis Fernández Fernández «Luis de Casaveya», 73 anos, Romeye, El Franco, 6-2-2000). Xente asina, ambulante nos mercaos, tamén aparecía nel mercao de Llaviana: un home acompañao d'úa nena con dous llargatos, mentres él vendía el unto milagroso (cuntao por Arcadio Calvo, 71 anos, Caliao, Casu, 7-5-1998).

¿Y qué miyor qu'acabar con úa cousillía? Seguro qu'ides a adivialla: «Nel campo se crióu, verde como a esperanza; dos homes é enemigo y ás mulleres espanta».



NOTAS:

¹ F. Bouza Brey (1949), «El lagarto en la tradición popular gallega», *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* V.

² F. Bouza Brey (1982), *El lagarto en el folklore gallego-portugués*, Xerais, Vigo.

³ *El Bestiario Medieval* (1993), Siruela, Barcelona.

⁴ C. Cabal (1927), *La mitología asturiana, dioses de la vida, dioses de la muerte*, Madrid.

⁵ F. Criado Boado (1986), «Serpientes gallegas, madres contra rameras», en Bermejo Carrera, *Mitología y Mitos de la Hispania Prerromana*, 2, Akal, Madrid.

A FONTE das AUGAS de SAN XUYÁN (A Roda)



↓ Everardo Fernández González

San Xuyán é un lugar da parroquia del Monte, na Roda (Tapia), que nun ten máis que dúas casas, hoi deshabitadas. Ta a pouco máis d'un quilómetro da capital da parroquia y chégase por úa pista que ta alquitranada desde hai poucos anos: antias era un mal camín chen de llama que nel inverno, pra nun moyar os pés, había qu'ir saltando de vallado en vallado.

Abonda con dicir qu'as mozas d'aquellas casas —había dúas en cadúa—, condo salían, iban calzas en galochas hasta a Casa del Pincho, que ta a un quilómetro, pro na veira da carretera, y allí cambiábanse. El camín que chegaba ás casas seguía hasta os prados del Molín Veyo, deixando de ser camín pra convertirse nun pésimo caleyón costoso y chen de pedras de lo máis malo que nos podemos figurar, que nun sei cómo os probes podían subir por él cuas cargas d'herba. El caleyón inda ta allí, pro muito máis pésimo qu'antes: agora ta zarrado d'artos y totalmente abandonado, igual qu'os prados que servía. Na mesma veira d'este caleyón nace A Fonte das Augas. El auga é ferruxenta y faise eco d'ella D. Valentín Fernández, médico que foi de Tapia, nel libro qu'escribiu nel ano 1932, *Toponimia médica del concejo de Tapia*, xunto con outras tres qu'había nel concejo.

Fran muitas as personas qu'iban buscar botelladas d'auga. Beber d'esa auga dicían que curaba —según aclaracións que fai D. Valentín— anemia, clorosis, enfermidades del estómago y tuberculosis. Tamén pinta qu'abría muito el apetito. Pro non sólo acudían a ella personas dos lugares de cerca. Pasaban grupos peleginando, según nos detallou Dña. M^a Victoria Díaz Castañeira, da Casa da Rebollada de Campos, nel pregón que deu nel ano

1999 nel comenzo da Semana Cultural. A fonte ta allí, pro temos medo que desapareza porque aquel entorno entróu en reconcentración parcelaria y é de supoñer qu'aquel sito seña trasformado, qu'a fonte quede sepultada y qu'aquel pedacín da historia pase —como muitas máis cousas— al esquecido. Úa fonte, ademáis, que tanto aprecio y a tantas personas curóu porque, se nun era el auga, era a fe qu'a xente tía con ella.

Nun foi solamente A Fonte das Augas a que ye deu a San Xuyán muito que falar. Pr'aclarallo, volvo al pregón de M^a Victoria da Rebollada, copiando traducido lo que nos dixo: «Púxenme a revisar us documentos que datan del siglo XVI y que cuntan algo que na familia sempre soupemos por transmisión oral: a existencia da capiya de San Xulián que pertencía á parroquia de Santa María del Monte. Os restos d'esta capiya, al pé da casa veyo (mui antiga) da Rebollada, permanecen nel prado de San Xuyán». Noutro apartado, M^a Victoria sigue: «A capiya y os santos, que se recordan de muita valía, sobre todo San Xulián, pasan a formar parte da imaxinaria de Santa María del Monte y posteriormente al obispado. Desconecemos a súa situación».

Esto foi lo que nos cuntou M^a Victoria, us datos de muito interés prá conocer el pasado d'estas terras. Así, pouquín a pouco, é como se vai amañando a nosa historia local. 

Llibros



COUSAS DE XENTE PEQUENÍA

COUSAS DE XENTE PEQUENÍA

- Colección Os Llibros d'Entrambasaugas nº 5
- Academia de la Llingua Asturiana Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 2002.
- 56 páxinas.

El 24 de mayo de 2001, na escola pública "Ramón de Campoamor" de Navia, os centros unde s'aprendía gallego-asturiano festexaban el *Primeiro Día das Lletas Asturianas* con xogos y actividaes de todas as menas. Precisamente demos conta d'ello nel nº 16 d'ENTRABASAUAGUAS. Us días primero convocárase un concurso de dibuxo y outro de contos. Agora recóyense neste llibro, núa edición que quedou mui guapía, os relatos ganadores de dalgús dos premios que se deron y os dibuxos en color dos mesmos autores, ademáis de dalgún outro pintao polos máis pequenos. Son contos de nenos y nenas das escolas de Tapia, Barres, Tol, Navia y Villayón.

BUAL, COUSAS D'ENTOINTE PA PASADO MAÑÁ Y SENTIMIENTOS

- Autora: María Teresa López García
- Trabe, 2002.
- 151 páxinas.

Despóis del sou *Vocabulario de Bual*, M^a Teresa López brinda al público outro llibro que, d'esta volta, ten muito de miscelánea. É un obra el máis d'ella escrita en castellano, aunque ta chiscada de vocabulario autóctono y frases en cursiva allí unde nun ye queda outro remedio

que botar mao da fala materna. Nel apartao "Cousas d'antes", y al xeito d'un diccionario enciclopédico pequenín, vai esplicando productos, llabores, cousas xa desaparecidas: dende a mola d'afilar hasta a utilidá dos xungos, pasando pola vestimenta, os probes das portas ou as merendadas. Siguen outros apartaos unde M^a Teresa vai degranando os sous recordos y el material recoyido por ella sobre creencias, costumes, tradicións, remedios caseiros contos, cántigas, etc.



COUSAS D'ENTOINTE PA PASADO MAÑÁ

Y SENTIMIENTOS

M^a Teresa López García
BUAL

trabe


El obra zárrase cua parte máis personal del autora, a dos sentimientos, unde bota mao da nosa fala xa dafeito. Son composicións unde sigue el estilo de sou padre, Benjamín López, con úa temática mui centrada nel sou Bual natal, nos sous paisaxes y na súa xente, aunque tamén abre os sous esmolementos a os tempos actuales.

BOAL EN FOTOS

- Autoras: Adelina Fernández López & Susina Pérez Sánchez
- Asociación d'Amas de Casa de Bual, 2002.
- 304 páxinas.

Tamos delante d'un llibro que vén poñer el ramo al trabayo das dúas autoras, xa conocido col sou llibro anterior, *Cousas de Boal*. Neste *Boal en fotos* recóyense un feixe d'instantáneas veyas y novas que nos deixan achegarnos al Bual das festas, dos mercaos, das escolas, del trabayo, da emigración. Aunque é a parte gráfica a fundamental del llibro, hai que señalar qu'os comentarios ás fotos tán feitos na fala de Bual.

De todos os xeitos, bótase en falta —nesta y noutras publicacións salidas



Boal en Fotos
1900-2002

Adelina Fernández López
Susina Pérez Sánchez

del iniciativa d'asociacións culturales ou de particulares— úa mayor preocupación pola corrección llingüística y ortográfica habendo como hai xa úa proposta de normas pral gallego-asturiano que siguen as institucións educativas y culturales asturianas. Cualquera llingua —tamén a nosa— precisa ter un código escrito formal y esto tamos seguros que lo tein qu'entender as autoras, profesoras as dúas.

Nun queda máis que volver felicitar á xente de Bual por dispoñer de mueres que trabayan desinteresadamente por fer conocer miyor a cultura y as tradicións da súa terra.

21 POEMAS

- Autor: Antolín Santos Mediante Ferraría
- Conceyo de Taramundi, 2002.
- 106 páxinas.

Por iniciativa del Conceyo taramundés y del Asociación Xuvenil "Os Castros" publicase esta escoyeta de ventiún composicións del escritor Antolín Santos Mediante Ferraría



ANTOLÍN SANTOS MEDIANTE FERRARÍA

21 poemas

(Taramundi 1880–Piantón 1944). Núa edición del estudioso gallego Xoán Babarro, con prólogo bilingüe, na súa llingua y en castellano, amóstranos parte del obra d'un home que se sintía partícipe da literatura gallega —siguindo el modelo de gallego lliterario que daquela s'iba forxando entre os escritores de Galicia— y qu'en 1925 chegou a ganar un premio na "Festa da Poesía Galega" en Lugo.

Así y todo, mediante nunca esquecía el sou sito de nacemento: «Fun a Taramunde á festa/ que no domingo primeiro/ deste mes tódolos anos/ celebran con lucimento/ pola Virxen do Rosario/ devotos e limosneiros/ da Santa, que a Taramunde/ naide lle gana en espréndedo».



LA CASA TRADICIONAL DE SAN MARTÍN DE OZCOS

- Autor: Adolfo García Martínez
- KRK, 2002.
- 296 páxinas.

Anque el primeiro cometido d'esta sección é reseñar llibros en ou sobre el gallego-asturiano, fomos úa excepción con esta obra d'Adolfo García Martínez pol sou interés pral coñecemento del léxico tradicional del conceyo de Samartín d'Ozcos. Quer ser el llibro úa monografía etnográfica unde estudar el patrimonio local dende úa perspectiva etnohistórica y, a un tempo, valir d'orientación pra proyectos que se podan fer de museos y ecomuseos. Brinda a todo lo llargo del texto un feixe de léxico y al final, ademais, un vocabulario ben interesante da fala del conceyo.

Desmerécenlo un poucoín, eso si, dalgús enquivocos llingüísticos y toponímicos (qu'empezan nel mesmo título del llibro col nome del conceyo), pero é úa aportación valiosísima y feita con todos os recursos metodolóxicos y a experiencia d'un antropólogo avezaio como é García Martínez.




ATLAS LÉXICO MARINERO DE ASTURIAS

- Autor: Emilio Barriuso Fernández
- RIDEA, 2002.
- 358 páxinas.

Tamos delante d'un obra monumental resultao del llabor d'úa sola persona a lo llargo de trenta anos. Con un trabayo incansable, Emilio Barriuso recoyeu el léxico marineiro usao nos decioito portos con actividá pesqueira d'Asturias. Dá idea del vallume d'esta empresa el feito de que son alreos de 3.600 as cuestioís referidas á navegación, á embarcación, á pesca, al mar, á fauna y al tempo, y que las preguntóu nesos decioito sitios a 48 informantes, marneiros veyos y carpinteiros de ribeira.

En conto al noso ámbito llingüístico, el *Atlas Léxico Marinero* recoye as respostas dos portos das Figueiras, Tapia, El Porto y Ortigueira. Nas súas páxinas pódense ir vendo as asomeñanzas y as diferencias entre el léxico de cada porto d'un xeito mui gráfico. Pra qu'os lletores se fagan úa idea, por exemplo, a pregunta nº 1.984, sito pra secar as redes: tendal (As Figueiras), tendedeiro (Tapia), secadeiro (El Porto), viñal (Ortigueira); a 2.361, nome da especie *Alosa alosa*: zamborca (As Figueiras, Tapia), mazorca (El Porto), veyá (Ortigueira); ou a 3.139, polvo d'auga qu'ergue el vento nos picos das ondas: fumarevos (As Figueiras), borregos (Tapia), blancor (El Porto), chorrizo (Ortigueira).

É, al cabo, un trabayo fundamental pral coñecemento del léxico del gallego-asturiano y un llibro de consulta obrigaio pral futuro.




Revistas

El nº 81 da revista *Lletres Asturianas* vén con dúas aportacións ben interesantes pra nosa fala. A primeira é a publicación d'un artículo de Concepción Álvarez Lebreo, "Algunhas cancións tradicionais pra-neinar da comarca eo-naviega", unde esta profesora da Universidá de Santiago, de reices tapiegas, fai un repaso y un análisis das cántigas y dos xogos que pasan de madres a fiyas y de bolas a netas pra'rollar ou divertir os nenos.



A segunda aportación chéganos da mao de Xosé Lluis García Arias, que na sección "Lletres vieyes" rescata úa traducción al gallego-asturiano d'úas endechas del portugués Camões. Tamos en 1893, y nesa fecha el encargao d'axeitar a fala portuguesa á de Bual nun podía ser outro máis que Bernardo Acevedo Huelves. A traducción é úa ayalga pra'amecer á qu'é a primeira obra lliteraria na nosa fala, un soneto, tamén d'Acevedo, de 1891. Reproducimos namáis el empezo das endechas pra que cobicien os lletores: «Aquella couva/ que me ten couvo/ porque nella vivo/ xa non quer que viva/ Eu nunca vin rosa/ en hortos, nin poyos/ que pra os meus oys/ fose máis hermosa».

Tamén acaba de salir el nº 11 da revista *Cultures. Revista Asturiana de Cultura*, editada pol Academia de la Llingua Asturiana, que trata monográficamente el paisaxe agrario en mui ben de conceyos d'Asturias. Nel que ten que ver cos conceyos máis occidentales, el xeógrafo cuañes Benxamin Méndez García explica nel sou artículo "El espacio agrario na marina de Cuaña" os antecedentes históricos que, amecidos ás circunstancias propias del actual sistema capitalista, deron como resultao el paisaxe rural qu'hoi podemos ver nas parroquias de Cartavio, Mougúas y Folgueiras.



Radio y televisión

Na televisión local ORT de Navia, sigue Norma Méndez col sou programa na fala "Cousas nosas". Recordamos os horarios: de llúis a venres de 10:10 a 10:50. Tamén continúa col sou programa na radio, igualmente de llúis a venres, dende as 12:20 hasta a 1:00.

Premios literarios

El XII Premio Xeira de narracións curtias en gallego-asturiano —qu'este ano aumentou a 500 euros—, ganóu-lo nesta edición Alba González Fernández, de Valdeparés (El Franco), úa estudante de deciseite anos que ta fendo bachillerato artístico en Uviéu. El relato ganador titúlase "Dos tempos, os miyores".

A escritora nacida na Antigua (San Tiso d'Abres), Aurora García Rivas, ganóu col relato "O Arcón" el primeiro premio del concurso de contos baseos na tradición oral qu'organiza el asociación cultural de Santalla d'Ozcos "Amigos de Antonio Raimundo Ibáñez". El segundo premio foi pral santallés José Luis Díaz Álvarez col relato "Carta a Farruco". Hai que señalar qu'houbó premios nas categorías escolares.

El Asociación Juan Manuel Méndez, da Caridá (El Franco), tamén deu a conocer os ganadores da segunda edición del sou concurso d'obras teatrales na nosa fala. El ganador del premio de 450 euros á miyor obra llarga foi Javier Méndez Méndez, con *As tertulias en Ca Remedios*, mentres qu'el ganador na categoría d'obra curta, foi Pedro Velasco Suárez, que llevóu 150 euros pol obra *Cómenme os didos*.

Cursos de formación

A lo llargo d'úa semana entre finales de xuyín y empezos d'agosto de 2002, féxose en San Antolín d'Ibias a 2ª fase del Curso de Capacitación en Gallego-Asturiano pra profesores de Primaria y Secundaria. A titulación remátase con úa 3ª fase non presencial na qu'os futuros profesores tein qu'amañar individualmente trabayos de tipo didáctico pra súa aplicación nel aula.


El curso enmarcábase dentro dos Cursos de Brao del Academia de la

Llingua, que cuntaron con úa acoyida bárbara por parte da xente d'Ibias. Entre as actividades das que pudieron disfrutar os asistentes y os vecíos en xeneral tuvieron el obra de teatro de Tomás Niembro *Toluras de veyos*, a cargo del grupo "Pico de Faro" da Roda (Tapia), y el actuación del grupo de gaitas "Marino-tapiaga".

Podemos confirmar, ademáis, que pra este ano 2003 vaise volver organizar outro Curso de Capacitación en Gallego-Asturiano dentro dos Cursos de Brao del Academia de la Llingua Asturiana.

Día das Lletas

Este ano pasao volvéuse fer el Día das Lletas Asturianas nel Navia-Eo pra os nenos y nenas que van al asignatura de gallego-asturiano. El acto central, organizao con muito agayo polas profesoras de gallego-asturiano, foi en Tapia. A él asistieron el responsable da Secretaría Llingüística del Navia-Eo, Xosé Antón González Riaño, que presentóu el llibro *Cousas de xente pequena*, y el Director Xeneral de Personal da Viceconsejería d'Educación, Arturo Verano.



Peró tamén houbo presencia del gallego-asturiano na Selmana de les Lletas Asturianas: un grupo de rapaces del Instituto de Tapia desprazóuse a Les Ariondes (Parres) pra participar nos actos institucionales organizaos pola Consejería de Cultura, y allí lleron varios poemas en gallego-asturiano.

Pra este ano, el Día das Lletas vai ser el 2 de mayo, fecha que tamén han festexar como se merez nas escolas del Navia-Eo.

Normalización social

D'esta vez temos que falar d'un peteiro de rapaces mui agayaos, el Asociación Cultural "Rapalacois" das Figueiras, que coye el nome d'un topónimo mui característico da villa marneira. Nas súas actividades festeixeras y en busca de financiación, usan a fala d'un xeito totalmente natural y llibre de prexucios. Ei tán, se non, el exemplo qu'amostamos al pé d'esta columna.



**SORTEO DE PRIMAVERA
2002 EN TAPIA**

DE 3.000 EUROS

La Asociación de Comerciantes, Industria y
Servicios "ACISET"

**REGALAYE PAPELETAS pola súa compra
dende el día 15 d'Abril**

A RIFA HA SER NUA VERBENA EL DÍA 15 DE XUNIO EN TAPIA.
HASE SACAR UN NUMERO CADA 15 MINUTOS HASTA QUE
PAREZA EL PREMIO.

EL GANADOR TEN QUE GASTAR OS 3.000 EUROS NA MAÑA DEL DÍA 15
DE XUNIO, SEGUN SE RECOYE NAS BASES DEPOSITADAS NOS
ESTABLECIMIENTOS ASOCIADOS



En Tapia, el Asociación de Comerciantes féxo úa campaña de promoción del comercio local unde todos os materiales de propaganda taban en gallego-asturiano: as cartas a os colaboradores, el cartel y as papeletas da rifa que se féxo. É esta úa iniciativa qu'hai que chufar porque ese é el camín pra dar a entender á xente qu'a fala qu'usan todos os días tamén se pode usar de xeito escrito y pra cuestióis que, hasta agora, ye taban vedadas.

Tamén temos que fer referencia al Grupo de Montaña del Club Deportivo "Marqués de Casariego", de Tapia, qu'editan anualmente un calendario d'actividades unde el gallego-asturiano ten úa presencia mui importante (descripcióis das travesías, toponimia, nomes dos meses, etc.).

BUSTAPENA S.C.



0451

Correos 11012

RIFA PÁ NOITE CELTA

DAS FIGUEIRAS

"Quen dixu comida dixu coche"

A Asociación Cultural Rapalacois faise dar al que teña a
suaínta que se saca con os primeiros tres números del sorteo
da ONCE del 25 de Novembro ua ceca da matanza bárbara
con un leuao de produtos del coche.

Un samón, un lloco, un lloco, 3 kilos de
chouriços, 2 kilos de morceiros, dous chouriços, dous
botelos, 2 kilos de costela y un cabeza de coche.



0951

Correos 11012

V

olvemos ter nas páxinas del Arco da Veya a os nenos y nenas da escola pública "Príncipe d'Asturias" de Tapia. Aquí tedes úa mostra del ben que lo pasan os nenos y nenas que van a clas de gallego-asturiano. Como ides poder comprobar, vein chíos d'ocurrencias y d'imaxinación. ¡Y hasta nos mandaron fotos!

A pita, a raposa y úa sorpresa

Núa ocasión, hai muito tempo, úa raposa y úa pita topáronse ñúa caleya y decidiron fer úa amarega a ver quen era máis forte. Fixeron úa aposta: se ganaba a raposa, comería a pita, pero se ganaba a pita á raposa, deixaría en paz a todo el galieiro.

Empezou a pelea: A raposa arrabunaba na pita y a pita defendíase a picotazos. Al cabo d'un cacho taban empatadas. A raposa sangraba pola barriga dos picotazos da pita y a pita taba quedando depeñada das poutadas que ye daba a raposa. Por eso decidiron parar. Pensaron entoncias que sería miyor botar úa carreira a ver quen ganaba. Fixeron a carreira na veira da praya y a raposa embalouse tanto que nun puído parar a tempo y cayeu al mar. Como nun sabía nadar, case s'afoga. A pita, al intentar frenar en seco, saliu engalando y tamén foi a parar al auga. Un marineiro que pescaba alí cerca rescatóulas. Taban pingando. El pescador levóulas hasta á veira.

Decidiron seguir cúa aposta, pero, como tían medo a caer outra vez al auga, pensaron qu'era miyor fer a carreira nel monte. Como iban mui depresa y sin mirar, cayeron na trampa d'us cazadores furtivos. Un esquilo que las viu empezou a rañar na

rede que las tía presas pa que pudesan salir y escapar. Condo xa escapaban viron un oso que yes preguntou:

—¿Y por qué ides asina, mal amañadas?

Y as nosas amigas cuntáronye a aposta que fixeran. El oso, que parecía veyo y sabio, díxoyes:


—¿Por qué vos amarráis? ¿Nun é miyor que vos axudéis?

A raposa y a pita decidiron fer caso al oso, que las invitou a ciar na súa cova. Alí tía muito mel y, condo xa iban tomar el postre, el oso quitou tía peleya veyá que lo tapaba y úa cabeza disecada que levaba encima da súa. Entoncias descubriron... ¡¡qu'era Winnie the Pooh!!

Laura, Iván Arias, Marcos, Patricia, Carlos, Iván Sánchez, Valeria, Sergio, Nerea, Miguel, Héctor, Sotia, Jessica, Lara, Beatriz, Luján y María, de 3ª



Nenos y nenas de 3ª



Entrevista a Ignacio

(Un compañeiro qu'acaba de
chegar da Arxentina)

—¿Qué escola che gusta máis, esta ou á qu'ibas
na Arxentina?

—Esta, porque estos amigos son miyores y por-
que os profesores ensenan miyor.

—¿Defendeste ben col Euro?

—Si, porque el Euro é parecido al Peso y ade-
máis aquí s cousas son máis baratas.

—¿Qué era lo que máis che gustaba na
Arxentina?

—Ir al centro de Buenos Aires y tamén ir á
Pampa.

—¿Qué é lo que máis che gusta d'España?

—A escola de Tapia, ir a Tapia y á praya.

—¿Cuáles son os bailes máis populares d'alí?

—El tango, el chamamé y muitos máis.

—¿Cómo é a indumentaria tradicional d'alí?

—Os homes visten de gauchos y as mueres
levan saya larga, camisa, poncho y peineta.

—¿Cómo son as romeirías?

—Nun hai romeirías.

—¿Qué comidas hai alí qu'aquí nun baxa?

—A comida tradicional alí é el asado. El filete
empanao.

—¿Gústache el galego-asturiano?

—Si, anque al principio nun lo entendía.

—¿Fedes a matanza na Arxentina?

—Si, faise. Poníase úa escopeta nel pescozo del
cocho y matábanlo.



Nenos y nenas de 1ªA que fixeron úas rimas mui guapías. A ver se prá outro
número podemos metellas... Entrementres, aquí tedes os autores

CONTO D'OUTONO

Úa tarde del mes d'outubre el meu amigo Xuan
foi al soutexo. Condo levaba un bon cacho nel
souto, viu úa castaña chorando, mui triste. Xuan
preguntóuyse qué ye pasaba y a castaña contes-
tóuyse que cayera del castañeiro y, al tar lonxe das súas
ermás, sentíase sola y triste. A castaña intentaba volver
subir al sou árbol, pero nun podía. Un corvo que la viu
subíula garrándola cuas patas, pero volvéu cayer. Al cabo
d'un pedazo outra castaña cayeu al pé d'ela: era súa ermá
Pepa. Xuan pañóulas ás dúas y levóulas pá casa metidas
nun cesto. En chegando á casa levóulas pal desván y
púxolas a secar estendidas encima d'un saco. Despós d'us
contos días secando baxóulas pá cocía y alí el probe Xuan
levóu el susto máis grande da súa vida: as castañas supli-
cábanye de rodías:

—Nun nos metas nel forno, que somos inda mui novas.
¿Gustaríache que te coceran a ti pa que nosoutras te ciáramos?

Xuan quedóu un bocadín pensativo y dixo que yes per-
donaba a vida, pero... ¿qué iba fer con elas? As castañas
dixerónye tatabeyando de medo:

—¿Por qué nun nos plantas núa maceta ou núa pota
veya y condo síamos un arbolín y xotiemos un pouco
lévamos pal monte unde nacémos?

Asina lo fexo Xuan y dende aquel outono todos os anos
vai al souto y mide lo que medraron os sous castañeiros
xemelgos. Este ano Xuan apañóu as primeiras castañas
que deron os sous árboles y decidiu plantalas en cacharros
pequenos pa despós tresplantalas noutro monte qu'acaba-
ban de cortar al pé da súa casa.

Nenos y nenas de 4º y 5º.

Cada ún deu úa idea, un cachín, y este é el resultado.



Abríamos esta sección nel primeiro número d'ENTRAMBAS AGUAS, alló nel brao de 1996, con úa colaboración periodística na nosa fala que topáramos na prensa navega d'empezos del siglo XX, concretamente de 1903. Tratábase d'un artículo publicado nel periódico *El Porvenir Asturiano* y firmao col pseudónimo de *Sarasqueta*. Nun sabíamos entoncias miga de quen podía esconderse detrás d'aquel alcuño pero agora xa lo sabemos: el director da publicación, el naviego Carlos Fernández Calzada.

Nacido en 1874 y ermao dos tamén conocidos Cesar, Fermín y Rafael —que chegaron a ser abogaos y escritores, igual qu'él—, Carlos pertenecía a úa familia navega de llarga tradición republicana. Estos ideais leváronlo a fundar en 1903 el semanario *El Porvenir Asturiano*, que duróu hasta 1911. Dende as súas planas dedicóuse al combate dialéctico cuas forzas conservadoras, asunto que lo llevóu mesmamente a os tribunales. Y foi precisamente un artículo en castellano firmao col alcuño de *Sarasqueta* el causante dos pleitos.

D'esta volta, xa conociendo el autoría, volvemos reproducir úa colaboración en gallego-asturiano de Carlos Fernández Calzada. Publicóuse un 24 de xulio de 1904 nel sou periódico y, tal como salíu, asina lo copiamos agora. É úa reseña das festas de Cacabellos unde se nombran un feixe de casas del conceyo de Navia. Ha prestárye a máis d'un naviego... 

A FESTIQUÍA DE SAN ISIDRO

A Velmo d'Armita.- México

Xa que mo teis encargau n'a carta que fai pouco m'escríbiche, quixera contarche, sin deixar ni ua mosca n'el tinteiro, todo conto pasou n'a festa de San Isidro, de Cacabellos, que foi mismamente el día 15 del que tamos.

Non fun alló hasta despois de xantar, y por eso nada podo decirche de misa y prucisión, que foron por á mañá.

Enchentada, debeu habela bua, pos fumiaban las chamineas de un xeito y outro inda mas que los barrois d'un pataqueiro. N'as casas de la Fonte, de Reguera, De Xuanelo, de Sabina, El Canteiro, Naranxo, Xuanín y outras más, erguíase ua fumareda que mialma asomeñaba que taba quelmando el payeiro.

Condo cheguey al campo, xa taba la música de Navia tocando todo conto podía, y'arrentes ua gran redolada de mozos y mozas con mas cara de festa que d'enterrro. Que non fixo falta que yes lo mandase naide pa que axina se poñesen á danzar que daba denteira, xa se vé.

Acertou pasar al pouco, fendo las cumedias, el carteiro veyo de Villayón, amontau n'un caballuco roxo que rincaba penedos pol camín d'Arbón, tales cinchudadas y'atizaba por derriba d'as oureyas. Dixéronme qu'el piatón iba algo moyau, y que fía pouco armara ua del demo garrándose con Xuanelo. Sei yes valiu Vicente del Carcholo; si non acerta chegar á tempo de poñerse pol medio, habería el trasno, pos dixeron los que tal viron, que las yombeiradas y los couces chovían como cinza.

Rapazas había muitas y búas. Xa que de todas non podrei fer acordo, direiche que taban n'el baile Madora de Piqueira, Lioncia del Ferreiro, Laura de Tanguillín, Carme y Pepa del Mazo, Adela del Chulo, Elvira del Perico, La Cubana, Ramona de Baxo, Pepa Mingón, Carmina de Pico y Lola de

Refela de Xilo, que ben sabes son d'Armental, vecías casi d'a porta.

Tamén vin d'Anlleu, á Concha de la Carbayeira y'a las dúas rapazas d'a Vallia, que parezme se chaman Carme y Concha.

De Cacabellos taban, entre outras, Luisa del Campo, Jovita d'a Trapa y Concha da Crica; de Talarén, Xusta y Dolores de Xico, Olimpo y Matilde del Campo y las nenas del Perico; de Salcedo, María del Sacristán, Carme y María de Chuco, Carme de Infanzón y Nuncia del Molín; de San Pelayo, Matilde de Escalera; d'as Acenias, Pepa de Quilino, Manuela de Benina, Pepa de Rochel, Carmina del Outeiro, Pepa de Petra y a fiya d'avellaneira; de Sante arreparei á Ramira de Barandón; del Espín, Anita de Fruloso y de Villabelliz, á Antonia de Salomé.

D'a villa sei que non taba más que Xuaquina de Pucharras, pos ua sobrina de Méndez, que ye chaman Cecilia, fóise cedo. De Cacabellos non conocín más que á Pilar, la fiya de Sabina que veu inda há pouco de Buenos Aires.

Perdín nove rales á loteiría, mal rellumbro l'asfenda; trisquei dous d'avillanas; farteime con us de Navia de turtilla de hovers, torreznos y patacas, y namoreime d'ua nena espiçada y graciosia como non vin outra. De min probe si é verdá que tá apolabrada c'un mozo del Gumio.

De nada más podo darche razón, porque us cuartarois que tomei, emparzau co'l rapaz de Carlos, d'Armental, na mesa de Madora, y'as bruxerías d'a moza que che dixer, qu'é de bon ver y meyor beilar, puxéronme candelías nos oyos, y'ayoureau d'a cabeza, como si tuvese debaxo del sombrero un foye veyo chen de nocés yoyas.

Non che direi más, si non que hei á groriarme si pa outro año veis tú á ver lo que con tan pouco vagar y menos fortuna sabe contarte

SARASQUETA.



Todo conto sei d'este retrato, qu'é d'alredor de 1912, ouguínlo contar nas noites d'inverno en Salave (Tapia), condó el frío nos xuntaba na cocía mentras se fía a cena y el vento refolgaba entre el cabazo y el pajar.

El retrato era del noso tío, que ben se ve qu'era cazador, con caís, escopeta y caballo.

El burro —qu'asina se yes chamaba antoncias a estos caballos pequenos, peludos, feos y sufridos— taba apareyado con siya, estribos de zoco, cabezada con freno, tal sí fora un caballo importante del xeito qu'eu conocín os que trían tratantes y algún maderista. Vía ser un burro de trabayo con siya en vez d'albarda.

Da siya tán aporondadas dúas llebres y dúas perdices, y delante, pra ter todo á mao, lleva el paraugas y roupa d'abrigo. El paraugas de mango corto tamén se podía llevar debaxo da chaqueta colgado del sobaco.

Os caís nun se ven gran cousa. El que ten na boca as bridas chamábase "Coran" y dicíase qu'era mui bon cazador y llisto, y que nun lladraba a os probes. Del outro nun se falaba nada que recorde.

El tío ten nel brazo dereto a escopeta calibre deciséis de "Hijos de Luis Crucelegui", fabricada en Eibar nel ano 1910. Lo de cazar debía tomallo con muita seriedá y por eso vestía chaqueta y *pajarita*.

A dalguén ye pode parecer raro que sendo cazador fose tamén un gran amigo dos animales.

Y así era. Tía na casa un corzo que se chamaba "Cuco", que durmía na corte, pacía na cortía y condó cuadraba íbase a dar un viaxe pol monte. Tía a casa chía de páxaros, y parece qu'os días calmos abríayes as xaulas y as ventás pra que salisen hasta a tardía.

Tuvo un merbo na corrada que ye enseñaba a xiprar a Marcha Real y que condó la tía medio dependida matáronyo fendo lleña con úa estella piquinía que saltóu del picadeiro. Meu probe.

Parece ser qu'el tío era un home serio y relixoso que tía fama de caritativo y querido dos probes da contornada. Nel iglesia del pueblo hai un retablo dedicado al sou recordo regalo d'un amigo que tía en Castropol. Que Dios lo teña na gloria.

↓ Rafael López Cancio





Secretaría Lingüística del Navia-El

INICIATIVA RECONOCIDA DE LA LENGUA ASTURIANA



GOBIERNU DEL
PRINCIPÁU D'ASTURIES